



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: VIVEIRO

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 29 de xullo de 2025

Lugo, 1 de xullo de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

CONCELLO DE VIVEIRO

INFORME DE ENDEREZOS dos predios expropiados con motivo das obras do

“MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)” para Pagos de Depósitos Previos

CLAVE LU/19/165.10

PROPIETARIO		PREDIOS
CASARIEGO RODRIGUEZ	MARIA ABEL	1.28, 1.23, 2.6, 1.26
CASARIEGO RODRIGUEZ	JOSE	
CASARIEGO RODRIGUEZ	MANUEL	
CAMIÑO DA PERDIZ, 4-CHAPELA	REDONDELA 36320	

FERNANDEZ RODRIGUEZ	GEMMA	1.16
CL ALONSO PEREZ 41 Es:1 Pl:02 Pt:F	VIVEIRO 27850	

REBELLON BASANTA CB	BEATRIZ (HROS.DE)	2.35, 2.32, 2.37, 2.39
AV LINARES RIVAS Nº5 6º	A CORUÑA15005	

RODRÍGUEZ PERNAS	MARÍA LUISA	2.38, 2.43
GARCÍA RODRÍGUEZ	LUIS	
GARCÍA RODRÍGUEZ	VÍCTOR	
LG. VILARES, Nº 24	OUROL 27866	

R. 1911

CONCELLOS**BURELA***Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Tania Ferreira Araujo Fernandes e Yassine Mastour , que se celebrará o día o 05 de xullo de 2025, ás 13:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 2 de xullo de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1919

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Segundo Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Ramiro Fernández Rey a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Victoria Fanego López e Diego Riveira Rojo, que se celebrará o 26 de xullo de 2025, ás 13:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 2 de xullo de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1920

CERVO*Anuncio*

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 4 de xuño de 2025, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 6/2025, vía crédito extraordinario núm. 1/2025, dentro do vixente Presuposto Municipal para 2025 por non presentarse reclamacións contra o mesmo, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.749.525,09	0,00	2.749.525,09
2	Impostos indirectos	135.000,00	0,00	135.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.544.191,72	0,00	2.544.191,72
4	Transferencias corrientes	2.444.312,23	0,00	2.444.312,23
5	Ingresos patrimoniais	89.204,68	0,00	89.204,68

6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.033.266,65	0,00	1.033.266,65
8	Activos financeiros	263.297,58	751.774,98	1.015.072,56
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	9.258.797,95	751.774,98	10.010.572,93

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.995.498,11	0,00	3.995.498,11
2	Gastos bens crtes e servizos	3.070.505,67	0,00	3.070.505,67
3	Gastos financeiros	5.000,00	0,00	5.000,00
4	Transferencias corrientes	325.040,00	0,00	325.040,00
5	Fondo de continxencia	15.000,00	0,00	15.000,00
6	Investimentos reais	1.821.066,02	751.774,98	2.572.841,00
7	Transferencias capital	26.688,15	0,00	26.688,15
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	9.258.797,95	751.774,98	10.010.572,93

Cervo, 2 de xullo de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1932

Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 4 de xuño de 2025, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 7/2025, vía suplemento de crédito núm. 1/2025, dentro do vixente Presuposto Municipal para 2025 por non presentarse reclamacións contra o mesmo, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.749.525,09	0,00	2.749.525,09
2	Impostos indirectos	135.000,00	0,00	135.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.544.191,72	0,00	2.544.191,72
4	Transferencias corrientes	2.444.312,23	0,00	2.444.312,23
5	Ingresos patrimoniais	89.204,68	0,00	89.204,68
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.033.266,65	0,00	1.033.266,65
8	Activos financeiros	1.015.072,56	98.364,72	1.113.437,28
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.010.572,93	98.364,72	10.108.937,65

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.995.498,11	0,00	3.995.498,11
2	Gastos bens crtes e servizos	3.070.505,67	88.885,03	3.159.390,70
3	Gastos financeiros	5.000,00	0,00	5.000,00
4	Transferencias corrientes	325.040,00	0,00	325.040,00
5	Fondo de continxencia	15.000,00	0,00	15.000,00
6	Investimentos reais	2.572.841,00	9.479,69	2.582.320,69
7	Transferencias capital	26.688,15	0,00	26.688,15
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.010.572,93	98.364,72	10.108.937,65

Cervo, 3 de xullo de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R.1933

LÁNCARA

Anuncio

O día 30.06.2025 a alcaldía adoptou o seguinte acordo:

“Que me substitúa na totalidade das miñas funcións:

- o primeiro tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón, durante o período comprendido entre os días 1 e 6 de xullo de 2025.

Notifíquesele ao 1º tenente de alcalde, Pablo Rivera Capón.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP de Lugo.”

Láncara, 1 de xullo de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1912

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xuño de 2025, adoptou entre outros o acordo 10/239, polo que se acorda delegar na Tenente de Alcalde de Participación e Servizos para a veciñanza as competencias para a adopción de tódolos actos, incluída a aprobación e calquera outro, sexan de trámite ou resolutivos en relación co convenio II bioleibol 2025 deporte e nutrición saudable

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 30 de xuño de 2025.- A Tenente de Alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, a Ilma Sra. D.ª Ana González Abelleira, en substitución do titular da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude Ilmo. Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1913

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2025 (acordo número 5/90), o expediente de suplemento de crédito-crédito extraordinario número 1/2025, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexitimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Lugo, 3 de xullo de 2025.- O alcalde, Excmo. Sr. don Miguel Fernández Méndez.

R. 1934

POBRA DO BROLLÓN*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL**

Aprobada inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de visitas guiadas no concello de a Pobra do Brollón, por Acordo do Pleno de data 24 de xuño de 2025 de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública por prazo de 30 días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

En caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

A Pobra do Brollón, 1 de xullo de 2025.- O Tenente Alcalde delegado, Ricardo Rodicio González.

R. 1921

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/179, de data 26 de xuño, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 26 de xuño de 2025.- O Alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1922

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2025/181, de data 26 de xuño, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de maio de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 26 de xuño de 2025.- O Alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1923

O SAVIÑAO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0212, de data 1 de xullo de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de xuño de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 1 de xullo 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1924

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 02.07.2025 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 02.07.2025 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE XARDINARÍA** no marco do **PLAN DIPUTACIÓN PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024**.

- Duración: 3 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. **de 1.381,33**
- Funcións: propias de peón de xardinaria segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 2 de xullo de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1935

TRIACASTELA

Anuncio

Delegación de funcións de alcaldía no primeiro tenente de alcalde do Concello de Triacastela.

En data 24 de xuño de 2025 ditouse resolución de Alcaldía qe se transcribe a continuación aos efectos de delegación de funcións de alcaldía no primeiro tenente de alcalde do Concello de Triacastela.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

M. Olga Iglesias Fontal, alcaldesa do concello de Triacastela, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLO DE TRIACASTELA.

EXPTE.: 111/2025

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Dada a ausencia do termo municipal por esta Alcaldía-Presidencia dende o 24 de xuño ata o 30 de xuño de 2025 como consecuencia de compromisos profesionais.

Tendo presente o disposto no seguinte marco legal:

- Artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.
- Artigos 44, 47 e 48 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, i en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, resolvo:

Primeiro. Delegar no Tenente de Alcalde, don Bautista Arias Pombo, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período que dure a ausencia.

Segundo. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro. O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé no Art.115 do Regulamento de Organización,Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro. .

Cuarto. A delegación conferida no presente decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de dous días naturais contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

Quinto. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre. A substitución no exercicio das miñas atribucións producirá efectos a partir do primeiro día indicado, sen prexuízo de que a antedita e preceptiva publicación se produza a posteriori.

Sexto. No non previsto expresamente neste acordo aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985,do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986,do 28 de novembro, en canto as regras para a delegación establécense nas devanditas normas.

Sétimo. Dar conta do presente decreto ó Pleno e ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles outros terceiros interesados que obren no expediente.

Triacastela, 24 de xuño de 2025.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1914

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2025-0276 DE 1 DE XULLO DE 2025 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE NAS MODALIDADES DE COMEDOR, ESTANCIA E TRANSPORTE PARA O CURSO 2024-2025

BDNS (Identif.): 843625

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/843625>)

Primeiro. Beneficiarios.

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Segundo. Obxecto

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados de:

A) Gastos de comedor para: Estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios, cando ditos estudos non sexan impartidos nos centros de ensino do Concello de Xove

B) Gastos de estancia para:

1. Estudantes universitarios en universidades españolas.
2. Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca.
3. Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.

C) Gastos de desprazamento para:

- 1.- Estudantes que cursen estudos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, cando o seu horario escolar non sexa compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros.
- 2.- Estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior.
- 3.- Estudiantes que cursen estudos existentes en San Cibrao ou Burela e que ao regreso só dispoñan de transporte regular ata Xove e non ata a súa parada de orixe, por incompatibilidade da liña de transporte de viaxeiro
- 4.- Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca.
- 5.- Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.
- 6.- Estudantes universitarios en universidades españolas.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras da subvención obxecto desta convocatoria foron aprobadas a través da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove mediante acordo do Pleno de data 21 de abril de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 136 de 16 de xuño de 2025, podendo consultarse na Sede Electrónica a través do seguinte enlace: <https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>

Cuarto. Contía

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

A.-Axudas de comedor para estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios, cando ditos estudos non sexan impartidos nos centros de ensino do Concello de Xove: 240,00 euros cada unha.

B.- Axudas de estancia:

1.- Estudantes universitarios en universidades españolas: 250,00 euros cada unha.

2.- Estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca: 250,00 euros cada unha.

3.- Estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores: 250,00 euros cada unha.

C.- Axudas de desprazamento:

1.-Axudas para estudantes que cursen estudos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, cando o seu horario escolar non sexa compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros: 300,00 euros cada unha.

2.- Axudas para estudantes de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior: 300,00 euros cada unha.

3.- Axudas para estudantes que cursen estudos en San Cibrao ou Burela e que ao regreso só dispoñan de transporte regular ata Xove e non ata a súa parada de orixe, por incompatibilidade da liña de transporte de viaxeiros: 270,00 euros cada unha

4.- Axudas para estudantes de ciclos formativos que non existan na comarca: 150,00 euros cada unha.

5.- Axudas para estudantes de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores: 150,00 euros cada unha.

6.- Axudas para estudantes universitarios en universidades españolas: 150,00 euros cada unha.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal cando no momento da solicitude teña contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Para ter dereito ás axudas para gastos derivados de estancia e de desprazamento, os/as estudantes deberán presentar o boletín de notas ou certificado do centro educativo de terse presentado alomenos ao 50% das materias correspondentes á matrícula.

No caso das axudas ao desprazamento recollidas no apartado 1 desa modalidade, os/as estudantes deberán aportar certificado do centro de ensino do horario escolar para xustificar que éste non é compatible coa liña regular de transporte de viaxeiros.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

As persoas interesadas en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello, acompañado da documentación a que se refire a Cláusula Sétima.

As solicitudes atoparanse a disposición das persoas interesadas no Departamento de Servizos Sociais e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello.

O prazo de presentación das solicitudes abarcará 20 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración de dita prórroga poda exceder de 10 días.

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 2 de xullo de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1925